


A pantasma da torre



Título:

Autora:

Ilustrador:

Editorial:

Colección:

Nº páxinas:

ISBN:

Idade:

A pantasma da torre

Lourdes Maceiras

Manolo Uhía

Xerais

Merlín

40

84-8302-783-6

De 7 anos en diante

XERAI



a autora

Lourdes Maceiras

Escritora galega nada en Barcelona na década dos cincuenta.

Médica de profesión, traballa como profesora da Área de Medicina Preventiva e Saúde Pública na Universidade de Vigo.

Como autora de literatura infantil conta cos títulos *O torques de ouro*, *Rabibranca* e *Nos xardíns*. Ten tamén un relato dentro da obra colectiva *E dixó o corvo* editada polo Hospital Xeral de Galicia.

Tódolos seus libros están ilustrados por Manolo Uhía.



resumo argumental

Novela de pandas na que se nos conta a aventura de dous rapaces e dúas rapazas que queren indagar se é que hai pantasmas no campanario da súa igrexa.

Os catro amigos queren saber de onde veñen os ruídos que escoitan pola noite, pero teñen medo e non se atreven a intentalo. A insistencia dos comentarios dos compañeiros fará que se vexan obrigados a facelo.

Alá irán unha noite de lúa chea, Mariña diante abrindo o paso... ata que sucede o que sempre pode pasar: un accidente. Daquela a novela dará un chimpo e volveremos atopar a nosa protagonista xa na cama e co misterio resolto.

¿Quen era a pantasma? Iso é un enigma que descifraremos ao longo da lectura.

A aventura vese aquí envolta nunha linguaxe áxil na que o humor vai facendo saltar chispas e divertíndonos, podendo concluír que o medo con risa séntese menos e que as aventuras están en calquera sitio sempre que queiramos vivilas.

o ilustrador


Manolo Uhía

Nace na década dos corenta en Portonovo. É pintor, traballa no eido do deseño e a publicidade; como ilustrador leva colaborado en máis de noventa libros. Tamén escribe: *¡Piratas na buguina!*, *O anel*, *Pinturiño* e *O rato que lle puxo o cascabel ao gato*. Son moi coñecidas as súas ilustracións en libros como *Pimpín e dona gata*, *Historias dun raposo*, *Contos de animais I...*

Neste caso, utiliza técnicas mixtas, podendo observarse doadamente as pegadas das aguadas e o pastel.

Os animais debuxados polo artista son absolutamente recoñecibles, coma se dun debuxo naturista se tratase. Así podemos identificar as gaivotas, pombas e curuxas acertando mesmo co

sexo e coa idade. Destacaría as ilustracións nas que se representa a noite polas calidades acadadas nos grises e a iluminación que consegue. Tamén son de salientar as angulacións cuns fortes picados e algún contrapicado que axuda ao desenvolvemento da historia de misterio e medo.




temática




A estigmatización da diferenza

Cando buscamos un culpable tentamos mirar sempre lonxe para que as miradas fuxan de nós, pero tamén porque sempre tememos aquilo que está máis distante, que é diferente. Cremos que o que non entendemos é perigoso, e temémolo. As aves da noite son as máis descoñecidas, chegamos a esquecer que existen e convertémolas en pantasmas ou acusámolas de nocivas. Pensemos nos morcegos, as poucas veces que os vemos e como os relacionamos cos vampiros. Do mesmo xeito, esquecemos que hai profesionais que se ven obrigados a traballar pola noite, coma se borrasemos esa parte do día na que a maioría da xente dorme.




Os medos e a necesidade de aceptalos e atreverse con eles

O medo é necesario, como mecanismo de defensa que se pon en marcha cando existe a posibilidade dun perigo. Pero hai outros medos que non teñen sentido, que nos incapacitan e non nos proporcionan nada positivo. Eses debemos afrontalos, ver o que hai detrás deles porque tal vez as pantasmas sexan curuxas. Pero sendo como son os medos, sentimentos atávicos, o mellor é darlles luz (sempre se di que en Galicia se foron coa electricidade) e facelo con coidado, nunca forzando as situacións. Algo que relacionamos co medo é a valentía: ser tomado por covarde é algo ao que tememos todos, pero sobre todo os homes; de aí que moitas veces tentemos saltar por riba deles.



Educación para a saúde

O medo ao inexistente ou descoñecido co seu exército de espíritos e pantasmas é o que aparece no texto e o que fai que non se teña en conta aquel outro temor imprescindible que debería levarnos á *prevención de accidentes* porque, como cita a autora en conversa privada, «os accidentes non son accidentais, tal e como di a OMS; subir de noite por unhas escaleiras que non se coñecen e sen lanterna é poñer en perigo a saúde, que é o que sucede na obra.»



As mulleres

A protagonista é unha nena e, a pesar de que non se lle ocorreu a ela a idea, ao final é quen toma a iniciativa. É valente e parece non asumir o rol que a sociedade tradicional lle ten asignado. A autora fai unha defensa dos


temática

valores da igualdade presentándonos unhas mulleres que representan papeis protagonistas e asertivos, tal como se ve con Mariña e a súa nai, que é a médica do pobo; mesmo poderíamos falar de roles á inversa ou de discriminación positiva.



A reflexión sobre o que somos e sentimos

Ás veces veste obrigado a facer algo porque os demais o esperan de ti, non porque che apeteza. A panda acabará tomando a decisión de ir á torre porque se sente acosada polos demais, que preguntan ou acusan de medrosos. Mariña subirá soa porque os amigos se botan atrás e aceptan a invitación dela para que a agarden.



A panda de amigos

É ese grupo co que compartimos xogos e aventuras. É o grupo de iguais que nos acompaña ao longo da vida medrando ao tempo que o facemos nós. A interrelación entre nenos e nenas, a amizade que se dá entre eles é unha das achegas máis salientables da obra.



Humor

Hai un certo toque humorístico que percorre o libro e lle dá un ritmo máis áxil e lixeiro ao tempo que introduce elementos de sorpresa.



Aventura en calquera lugar na vida cotiá

O texto ofrécenos esa lección, pero tamén aqueloutra de que «a resolución dos misterios é máis simple do que parece». Ás veces só hai que preguntar ou pedir axuda... Das curuxas podemos facer pantasma ou das pantasma curuxas; tócanos elixir.

actividades

Do libro

- ¿Como se chama o pobo onde viven os personaxes desta historia? ¿Que tipo de pobo é? ¿Por que se chama así?
- ¿Cal é o nome dos rapaces e rapazas da panda?
- ¿Con cal te identificas máis?
- ¿Quen foi o que tivo a idea de ir ver as pantasma da torre?
- ¿Que lle dixo o pai a Mariña acerca do medo?
- ¿Por que quere vencer ela o medo ás pantasma?
- ¿Como era a lúa a noite que se van de expedición? ¿Por que escollen esa noite? ¿Quen toma a iniciativa?
- ¿Podemos falar dunha aventura de cazapantasma?
- ¿Por que deixa o crego a igrexa sempre aberta?
- Deciden ir os catro sos, coma se fosen e
- ¿Que cores utiliza o ilustrador para representar a noite? ¿Por que será?
- ¿Cales son os debuxos que se repiten en todas e cada unha das páxinas? ¿Por que cres que será así?
- ¿Quen conta a historia? ¿Sabe todo o que vai pasar?
- ¿En que época ten lugar o que se nos conta?
- Hai un momento determinado no que a mesma Mariña adianta o que pode pasar se non son precavidos. ¿Es capaz de atopalo?
- ¿Que sabemos dos cazapantasma? ¿Existen?
- ¿Que pensas que lle proporciona a ilustración ao texto?
- Elixir un diálogo e lelo entre varios ou ler toda a obra coma se se tratase de teatro lido. Debemos darlle moita importancia a que esa lectura sexa expresiva.

Do que aparece no libro

- Comezaremos cunha posta en común antes da lectura. Serviranos de presentación do libro. Iremos espertando a curiosidade acerca do que se espera deste texto, que habrá detrás dese título ou desa portada. Irémonos axudando da información que aparece na contracapa. Deixaremos que afloren os coñecementos previos acerca da autora e do ilustrador ou doutros libros que nos veñan á memoria cando observamos este. Iremos facendo prediccións.
- Facer un marcalecturas con algún debuxo relacionado co libro.
- Xogaremos co título «A pantasma da torre»-«A torre da pantasma». ¿Será o mesmo relato o que está detrás de cada un deles? Inventaremos outros títulos. Falaremos dos lugares nos que, pensamos, pode haber pantasma.
- Vexamos as dedicatorias. Ten dúas, unha ao principio e outra ao final. Na primeira delas teremos que ver o significado de «na súa memoria». Na dedicatoria final alude á noite e a unha serie de destinatarios dos cales iremos vendo a identidade. Logo pensaremos que tamén se podería facer unha dedicatoria centrándose no día. ¡Probemos a facela!
- Que alguén nos conte a historia mostrándonos as ilustracións.
- Podemos facer un contraste de opinións arredor do universo dos medos: ¿a que temos medo cada un de nós?; ¿por que será?; ¿como superamos os medos?; ¿será necesario o medo?; ¿para que?; ¿que che pasa cando sentes medo? Lembraremos momentos nos que pasamos medo e narrarémolos por escrito tratando de manter o suspense e as sensacións tal e como daquela as sentimos.
- A continuación realizaremos unha sesión de contos de medo. Cada un elixirá aquel que lle guste máis e contarallo aos demais. Tamén se pode facer con películas e mesmo visionar unha.
- Pidámoslle aos avós que nos conten historias de medo. Logo escribiremolas e poderemos compartilas cos compañeiros e compañeiras da aula.
- Podemos realizar unha especie de diccionario ilustrado cos medos de todos nós. E mesmo un libro titulado *Instruccións para acabar cos medos*.

actividades

- Tal e como fai Manolo Uhía, debuxa ti o teu pobo cos súa torre da igrexa, os montes e o mar –se é na costa–, os lugares que máis che gustan...
- Tamén podes facer un debuxo no que representar o medo. Non é doado pero, por iso mesmo, será máis interesante. Se che apetece, pódéslle incorporar ruídos a modo de onomatopeas.
- Vaíamos vendo as características de cada un dos personaxes, os roles que representa e se coinciden cos que normalmente lle asigna a sociedade. Se non é así, falemos das razóns que terá a autora para facelo desta maneira.

• Hai un momento na historia no que non se nos conta o que pasa e irémolo sabendo despois. É xustamente dende que Mariña sente que cae escaleiras abaixo ata que acordou na cama. No cine tamén se utiliza este recurso da elipse para facer avanzar as historias. Podemos facer un cómic representando esas escenas que desaparecen do relato, ¿parcévos?

- Falemos das pandas. ¿Quen forma parte dunha? ¿Cales son os seus membros? ¿Por que andan xuntos?
- Fagamos un traballo acerca das curuxas. Vexamos que sabemos delas, busquemos datos, preguntemos, recollamos ilustracións ou fotos, fagamos debuxos...

Podemos distribuírnos en grupos e, mentres un deles fai a actividade anterior, outro pode documentarse acerca doutros animais da noite, e outro diferente sobre as profesións da xente que ten horario nocturno. Neste último caso, se podemos contar con algún pai ou nai do alumnado, sería interesante que nos falara en primeira persoa desa experiencia de traballar mentres os outros descansan.

- A escritora, nalgún caso, utiliza comparacións como «lúa grande e redonda coma un queixo». Podemos crear nós outras, mesmo podemos facer un concurso para buscar as máis orixinais ou as máis axustadas.
- «Ás veces as cousas non son o que parecen», dille a nai a Mariña aclarándolle que o que parecía unha pantasma era unha curuxa. ¿Pasouche isto algunha vez? Pode suceder coas persoas que non son o que esperábase delas, coas cousas, cos lugares...
- Se tivesemos que disfrazarnos de pantasmas, ¿como o faríamos? Se queremos meterlle medo a alguén, ¿como podemos facer?
- Hai días sinalados nos que parece que debemos sentir medo. Falemos deles e de como algúns pertencen á nosa tradición e outros como o *halloween* foron introducidos hai moi pouco tempo e son de orixe foráneo.

• Aventuras no cotián. Calquera día e a calquera hora podemos vivir unha aventura. Non fai falla ir moi lonxe nin esperar a datas sinaladas; simplemente hai que estar atentos e decidir afrontar os misterios que hai arredor de nós, ¡iso si, contando sempre coa seguridade imprescindible! O demais non é aventura senón simplemente ousadía e incapacidade para valorar as condicións que nos rodean. ¿Cal será a vosa expedición? A aventura pode seguir unha ruta buscando petroglifos ou organizar unha brigada ecolóxica descubriendo lixo en lugares inadecuados. É desvelar enigmas ou incógnitas... É buscar o significado das palabras que non coñecemos ou estudar un novo idioma.

- Hai cousas ou problemas que nos resultan complicadísimas pero que seguramente resolveríamos de xeito doado se falasemos deles, se preguntásemos a quen poida saber. Apliquémonos esta ensinanza, ¡pero xa!
- Busquémoslle o humor ao texto. ¿Que é o que che resulta máis divertido?
- A historia está narrada nun rexistro coloquial e áxil. Agora podemos redactala nós como se fose un pequeno texto xornalístico.
- Ás veces pasa que a xente disimula o que sente. Os máis covardes van de valentes porque non teñen que afrontar o perigo pero, se o ven de preto, botarían a correr. ¿A que isto vos soa? ¿Cantas veces vos decatastes destas situacións? ¿Enganáronvos algunha vez?
- En diferentes momentos da lectura podemos considerar diferentes posibilidades de continuación, baixo presupostos como: ¿que será o que sucederá despois?, ¿que pasaría se...?
- Noutros casos, a lectura lévanos a observar os sentimentos das personaxes e isto pode dar lugar a que reflexionemos sobre os nosos seguindo epígrafes do tipo de «como me sinto...», que son coma primeiros pasos dunha especie de diario.
- Mariña sofre un accidente por non ter en conta as normas mínimas de prevención. Observemos como o fan e como o deberían facer.

actividades

- A autora é unha experta en educación para a saúde. Por esa razón, terá moito interese en coñecer cales son os accidentes que temos sufrido. Iremos relatándoos e buscando as causas dos mesmos. Podemos pasar esas situacións a cómic e despois elaborar con eles unha revistiña ou unhas fichas que poderemos enviar á autora.
- Tamén resulta enfasiado ter que facer algo porque os demais te están atosigando. Sucédelle a Mariña e aos seus amigos cando o resto dos compañeiros e compañeiras non os deixan en paz coa historia da expedición e mesmo se atreven a chamarlles medrosos a eles simplemente por térselles ocorrido a idea. Falemos acerca destes disparates e vexamos se lle vemos a relación con situacións que viviramos.
- Mariña entra na igrexa coa súa panda, pero ha de subir o último tramo de escaleira ela soa. ¿Que che parece iso de que a deixen soa ao final? ¿É culpa dos outros ou ela ten algo de responsabilidade niso? Falade destas situacións, de se as vivistes algunha vez ...
- Podemos contar o sucedido nesta historia a modo de romance. Para isto sempre é interesante ler algún outro antes para ir colléndolle o ritmo.
- Aquel a quen lle gustara moito o libro poderá realizar unha recomendación do mesmo por escrito para colocar no taboleiro de anuncios ou publicar na revista do centro.
- Ó rematar a lectura, despois de realizar as actividades que se teñan decidido, podemos intercambiar opinións acerca do que aprendemos que non souberamos antes de traballar con este libro.

Doutros libros

- *Unha pantasma branca*, de Fina Casalderrey. O conto de *Xoán sen medo*.
- Contos que teñan que ver co medo, dende *Un pesadelo no armario* ata *Máx e os monstros*. Pero non só os libros relacionados co medo e dirixidos aos máis pequenos, senón todos aqueles que poidamos atopar na biblioteca e que teñan que ver con esa temática ou que nolo pareza a nós.
- Libros que teñan relación con pandas, algúns deles moi coñecidos coma aqueles que forman verdadeiras series coma os dos *Cinco* e outros coma *Filo entra en acción...*
- Os outros libros desta autora e deste ilustrador cos que podemos facer unha exposición e tamén unha presentación realizada por algún dos compañeiros ou compañeiras que os leran e que se comprometan a falarlles deles aos demais.

Pedidos a:

Comercial Grupo Anaya
Polígono de Bergondo
1ª Travesía - Parcela B1
15.165 Bergondo (A Coruña)
Telf.: 981 795 656 / Fax: 981 795 660

XERAIS

Doutor Maraño, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>

EDICIÓN XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro Martínez, 2003
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2003
Depósito legal: VG. 941-2003